

**PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO C2, MEDIANTE O PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN-CONCURSO.**

**FOLLA DE RESPOSTAS 1º EXERCICIO. TIPO TEST**

**DATA: 18/03/2022**

**1. Sinale cal é a unidade administrativa encargada da darlle entrada e saída aos documentos nun concello:**

**a) O Rexistro Xeral de Documentos**

b) A Oficina de Atención ao Cidadán

c) A Oficina de Participación Cidadá

d) A sede electrónica municipal

**2. En que artigo da Constitución española se contempla a igualdade diante da lei?:**

a) 15

**b) 14**

c) 11

d) 23

**3. Que artigo da Constitución garante a autonomía municipal?**

a) O artigo 9.3

b) O artigo 14

**c) O artigo 140**

d) O artigo 142

**4. O goberno provincial está encomendado a:**

**a) Deputacións e Cabildos**

b) Deputados e senadores

c) Consorcios

d) Todas son correctas

**5. Que artigo da Lei 39/2015 regula os rexistros?:**

- a) O artigo 31
- b) Ningún
- c) O artigo 16**
- d) O artigo 47

**6. Un acto administrativo ditado por unha autoridade incompetente por razón do territorio é:**

- a) Nulo de pleno dereito**
- b) Anulable
- c) Convalidable
- d) Ineficaz

**7. En que prazo debe notificarse un acto administrativo?**

- a) O mesmo día no que se dita
- b) En dous días dende que se anota a saída no Rexistro
- c) En dez días hábiles dende que se dita**
- d) En dez días hábiles dende que se publica

**8. Os procedementos administrativos poden iniciarse:**

- a) Sempre de oficio
- b) De oficio ou por solicitude do interesado**
- c) Por denuncia sempre
- d) De oficio ou por denuncia dun particular

**9. En que prazo deben emitirse os informes en fase de instrución dun procedemento?**

- a) Dez días hábiles**
- b) De xeito inmediato
- c) Dez días naturais
- d) 5 días hábiles

**10. Un particular pode presentar no Concello de Ponteceso un escrito dirixido ao Concello de Malpica de Bergantiños?:**

**a) Si**

b) En ningún caso

c) Nos casos previstos no art. 16 da Lei 39/2015

d) Nos casos previstos no art. 16 da Lei 40/2015

**11. Cal dos seguintes días non son hábiles a efectos administrativos?**

a) Os luns

b) Os sábados

**c) Os sábados, domingos e festivos**

d) Os sábados e domingos

**12. Os actos administrativos que emanan da Alcaldía denomínanse:**

**a) Decretos**

b) Acordos

c) Edictos

d) Actas

**13. Se un concello quere remitir un documento á Xunta de Galicia, debe facelo:**

a) En papel

b) Por correo electrónico

**c) Telematicamente**

d) Por correo postal

**14. Que autoridade ou funcionario/a público/a compulsa documentos nun concello?**

**a) Calquera funcionario/a**

b) O/a secretario/a unicamente

c) O pleno

d) A Alcaldía

**15. Cando as normas reguladoras dun procedemento non fixen prazo máximo de resolución, este será de:**

**a) Tres meses**

b) Un mes

c) Seis meses

d) 12 meses

**16. Cal é a circunscrición electoral a efectos da elección de membros do Parlamento galego?**

a) A comunidade autónoma

**b) A provincia**

c) O partido xudicial

d) A comarca

**17. Cal é a lingua propia de Galicia, segundo o artigo 5 do Estatuto?**

a) O galego e o castelán

**b) O galego**

c) O castelán, sendo tamén cooficial o galego

d) Ningunha das anteriores é correcta

**18. En que ano se crea a Comunidade Económica Europea?**

**a) En 1958**

b) Ao remate da Segunda Guerra Mundial

c) En 1993

d) Ningunha das anteriores é correcta

**19. Indique as vías de inicio do procedemento de revisión de oficio:**

**a) De oficio pola administración ou a solicitude do interesado**

b) Exclusivamente de oficio

c) A petición do Consello Consultivo de Galicia

d) Ningunha das anteriores é correcta

**20. Cal é o prazo máximo para resolver un procedemento de revisión de oficio:**

a) Tres meses

**b) Seis meses**

c) Doce meses

d) Un mes

**21. Ponteceso ten unha poboación superior a 5.000 habitantes, cal dos seguintes servizos non é de prestación obrigatoria:**

a) Parque público

b) Tratamento de residuos

**c) Instalacións deportivas de uso público**

d) Alumeado público

**22. Nos municipios cunha poboación superior a 5.000 habitantes celebraranse as sesións ordinarias do Pleno cunha periodicidade mínima de:**

a) Tres meses

b) Un mes

**c) Dous meses**

d) Catro meses

**23. Os conflitos de competencias entre dúas entidades locais de distintas Comunidades Autónomas serán resoltos por:**

a) Polos Plenos dos dous concellos afectados.

b) Polas Administracións das dúas Comunidades Autónomas afectadas.

**c) Pola Administración do Estado, previa audiencia das Comunidades Autónomas afectadas.**

d) Pola Administración do Estado, previa audiencia das entidades locais afectadas.

**24. Segundo o disposto no artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local:**

a) Existe en todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes e nos de menos, cando en todo caso así o dispoña o seu regulamento orgánico.

**b) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.**

c) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando en todo caso así o acorde o Pleno do seu concello por maioría absoluta.

d) Existe en todos os municipios con poboación superior a 10.000 habitantes e nos de menos, cando dispoña de regulamento orgánico

**25. A Comisión Especial de Contas existirá en:**

- a) Nos municipios cunha poboación superior a 10.000 habitantes.
- b) Nos municipios cunha poboación superior a 5.000 habitantes.
- c) En todos os municipios**
- d) Nos municipios nos que así se contemple no seu Regulamento Orgánico.

**26. A aprobación dos proxectos de obras e servizos aprobaranse polo alcalde:**

- a) En todos os casos.
- b) Nunca, deberanse aprobar polo Pleno
- c) Cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.**
- d) En ningún caso, deberanse aprobar pola Xunta de Goberno Local.

**27. A aprobación das ordenanzas locais axustarase ao procedemento establecido no artigo:**

- a) 35 Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local
- b) 86 Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local
- c) 112 Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local
- d) Ningunha é correcta.**

**28. Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos nas seguintes materias:**

- a) Ordenanzas locais
- b) Aprobación de proxectos de obras e servizos
- c) Cesión gratuita de bens a outras Administracións Públicas.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**29. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a:**

- a) 4.382.000 euros
- b) 5.382.000 euros**
- c) 5.300.000 euros
- d) 6.950.000 euros

**30. A duración máxima dos contratos de concesión de servizos que comprendan a explotación dun servizo non relacionado coa prestación de servizos sanitarios é de :**

- a) Vinte e cinco anos**
- b) Vinte anos

- c) Dez anos
- d) Corenta anos.

**31. Segundo o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación das transferencias de crédito corresponde:**

- a) Sempre ao Pleno.
- b) Ao Pleno, cando se refiran a distintos grupos de función, salvo cando as baixas e as altas afecten a créditos de persoal.**
- c) Ao órgano autorizado polas Bases de Execución do orzamento aprobadas polo Alcalde.
- d) Sempre ao Alcalde.

**32. Poderase empregar o procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cun valor estimado inferior a:**

- a) 140.000 €
- b) 80.000 €
- c) 2.000.000 €**
- d) 5.382.000 €

**33. Na licitación dun contrato de servizos cun valor estimado de 59.000 euros poderase empregar o procedemento:**

- a) Aberto
- b) Aberto simplificado
- c) Aberto supersimplificado
- d) Calquera dos procedementos anteriores**

**34. Con respecto ao persoal eventual das entidades locais:**

- a) O número, características e retribucións será determinado polo Alcalde en calquera momento do mandato.
- b) O número, características e retribucións será determinado polo Alcalde ao comezo do mandato.
- c) O nomeamento e o cese corresponde ao Pleno.
- d) ningunha das respostas é correcta.**

**35. A contía global das retribucións complementarias dos funcionarios locais:**

- a) será a fixada, con carácter xeral para toda a función pública, pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada exercicio.
- b) será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado.**
- c) será fixada pola Xunta de Goberno Local
- d) as respostas b e c son correctas sempre que o Pleno houberse delegado esta competencia na Xunta de Goberno Local

**36. Cando un/ha funcionario/a accede á condición de concelleiro/a con dedicación exclusiva pasa á situación de:**

- a) Excedencia forzosa
- b) Suspensión firme
- c) Servizos especiais**
- d) Comisión de servizo

**37. Segundo o artigo 169 do RD 2/2004, TRLRFL, aprobado inicialmente o orzamento xeral expoñerase ao público, previo anuncio no BOP ou, no seu caso, no diario oficial da comunidade autónoma uniprovincial polo prazo de:**

- a) 10 días
- b) 15 días**
- c) Un mes
- d) 30 días hábiles

**38. De conformidade co art. 1 do RDL 5/2015, un dos seguintes non se considera fundamento de actuación do Estatuto Básico do Empregado Público:**

- a) Igualdade, mérito e capacidade no acceso e na promoción profesional
- b) Igualdade de trato entre mulleres e homes.
- c) Eficiencia.**
- d) Transparencia.

**39. Consonte ao art. 89.2 do TREBEP, cal é o período mínimo de servizos efectivos prestados polos funcionarios de carreira para obter a excedencia voluntaria por interese particular?:**

- a) Dous anos inmediatamente anteriores.
- b) Un ano
- c) Catro anos, ou tres sen interrupción.
- d) Cinco anos inmediatamente anteriores**

**40. O art. 7 da Lei 2/2015, establece que o persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese:**

- a) Pola Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- b) Pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, exclusivamente.
- c) Pola lexislación básica estatal que lle resulte aplicable e pola Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, coas especialidades reguladas no seu título X.**
- d) Polo RDL 5/2015 e pola lexislación que sexa de aplicación ao persoal funcionario.

**41. Segundo o artigo 8 da Ordenanza municipal non fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira, deixar as vías municipais en deficiente estado, segundo o informe municipal que se emita tipifícase como unha infracción:**

- a. Moi grave
- b. Grave
- c. Leve
- d. Non constitúe infracción administrativa

**42. Segundo o artigo 6 da Ordenanza municipal non fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira, os interesados que habitualmente realicen traballos forestais pola rede viaria municipal poderán optar pola constitución da garantía por medio dun depósito en metálico por cada comunicación previa tramitada, ou ben realizar un único depósito en metálico polo importe alzado de:**

- a. 3.000 €
- b. 300 €
- c. 6.000 €
- d. 1.500 €

**43. Quedan excluídas do ámbito de aplicación da Ordenanza municipal non fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira (sinale a incorrecta):**

- a) As tallas puntuais de exemplares de árbores illadas
- b) O clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- c) As tallas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico ata 10 Tm, ou a eliminación dunha situación de perigo para as persoas ou bens
- d) Os traballos de desbroce e limpeza de predios e montes

**44. Segundo o artigo 7 da Ordenanza municipal non fiscal reguladora da xestión da biomasa e distancia das plantacións do Concello de Ponteceso, as persoas responsables dos terreos nos que exista biomasa terán a obriga de xestionar a biomasa vexetal e a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes das faixas secundarias nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo:**

- a) Urbano
- b) De núcleo rural
- c) Urbanizable
- d) As tres respostas anteriores son correctas

**45. Consonte ao artigo 8 da Ordenanza municipal non fiscal reguladora da xestión da biomasa e distancia das plantacións do Concello de Ponteceso, nos supostos de incumprimento das obrigas en solo rústico da xestión da biomasa e de retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, arredor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións, que competencia lle corresponde ao Concello de Ponteceso?**

- a) A execución forzosa e a sancionadora
- b) A execución forzosa e a sancionadora á Administración Xeral da Comunidade Autónoma
- c) A sancionadora unicamente

d) Non ten competencias o Concello de Ponteceso neste suposto

**46. Conforme ao artigo 4 da Ordenanza municipal non fiscal reguladora da xestión da biomasa e distancia das plantacións do Concello de Ponteceso, aos efectos de notificación das comunicacións e requirimentos ás persoas responsables da xestión da biomasa, se a titularidade do terreo non consta no Catastro considerarase que a persoa responsable é descoñecida e notificarase por medio da publicación dun anuncio no:**

- a. Boletín Oficial do Estado
- b. Diario Oficial de Galicia
- c. Boletín Oficial da Provincia
- d. **No Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia**

**47. Segundo a Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, cal dos seguintes actos estará suxeito a licenza urbanística?**

- a. **As primeiras ocupacións das edificacións**
- b. As obras de apontoamento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas.
- c. Os parcelamentos, segregacións, modificacións ou calquera acto de división de fincas ou predios efectuadas en virtude de proxectos de compensación, equidistribución ou similar
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

**48. De acordo co artigo 3 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, someterase á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo (sinalar a correcta):**

- a) Actividades que afecten á protección do medio ou do patrimonio histórico-artístico
- b) Actividades que afecten á seguridade ou á saúde públicas
- c) Actividades que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas**

**49. Segundo o artigo 10 da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Ponteceso, a Administración municipal guiará a súa actividade en materia de Administración electrónica de acordo cos principios (sinala a resposta incorrecta):**

- a) Colaboración
- b) Cooperación
- c) Información mutua
- d) **Acceso e dispoñibilidade ilimitada**

**50. De acordo co artigo 12 da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Ponteceso, será de libre acceso para os cidadáns, sen necesidade de identificación, a seguinte información (sinala a resposta incorrecta):**

- a) Procedementos do Concello: Información, descarga de impresos e instancias
- b) Acceso a expedientes non finalizados
- c) Verificación de documentos e certificados
- d) Ligazóns útiles

**51. Segundo o artigo 11 da Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar, o persoal coordinador realizará o seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias, como mínimo, cunha periodicidade:**

- a) Trimestral
- b) Bimestral
- c) Mensual
- d) A resposta b) é correcta e tamén sempre que as circunstancias o fagan necesario

**52. Segundo o artigo 13 da Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar, cal é o prazo de alta no Servizo de Axuda no Fogar para aquelas persoas ás que se lles concede pola vía de urxencia?**

- a) Máximo dous días
- b) Máximo unha semana
- c) Máximo tres días
- d) Máximo un mes

**53. No caso de acceso ao Servizo de Axuda de Fogar pola modalidade de libre concorrència, quen é o órgano competente para resolver?**

- a. O/a traballador/a social
- b. O/a xefe/a territorial da Consellería de Política Social
- c. O/a alcalde/sa
- d. O/a secretario/a municipal

**54. Segundo o artigo 2 da Ordenanza municipal para as axudas para a inserción-emerxencia social do Concello de Ponteceso, que requisitos deben cumprir ás persoas físicas para ser beneficiarias das axudas de inserción social-emerxencia social municipais?**

- a) Ter a residencia acreditada no Concello de Ponteceso cunha antigüidade mínima de 1 ano.
- b) Ter a residencia acreditada no Concello de Ponteceso cunha antigüidade mínima de 6 meses.
- c) Percibir uns ingresos semestrais inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente no momento de solicitar a subvención.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

**55. Segundo o artigo 4 da Ordenanza municipal para as axudas para a inserción-emerxencia social do Concello de Ponteceso, establécense axudas para:**

- a) Gastos para servizo de fisioterapia

- b) Gastos para transporte escolar
- c) Impago de subministracións
- d) Gastos para servizo de podoloxía

**56. A igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes é, segundo o artigo 4 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:**

- a) Un dereito fundamental recollido no artigo 15 da Constitución
- b) Un principio rector das políticas de Goberno
- c) Un principio informador do ordenamento xurídico
- d) Ningunha das respostas é correcta

**57. Segundo o artigo 6.3 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, toda orde de discriminar, directa ou indirectamente, por razón de sexo considérase:**

- a) Discriminatoria, salvo que poida xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima
- b) Neutra en calquera caso
- c) Discriminatoria en calquera caso
- d) Delito

**58. Segundo o artigo 12 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a tutela do dereito á igualdade entre mulleres e homes, de acordo co establecido no artigo 53.2 da Constitución:**

- a) Poderá ser recabada unicamente por vía administrativa
- b) Poderá ser recabada dos tribunais por calquera persoa
- c) Poderá ser recabada dos tribunais unicamente polas mulleres que sufran discriminación por razón de sexo
- d) Ningunha das respostas é correcta

**59. Segundo a Lei orgánica de protección de datos persoais, poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais do falecido e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión:**

- a) As persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares
- b) As persoas vinculadas ao falecido por razóns de feito
- c) Os seus herdeiros
- d) Todas as respostas son correctas

**60. Segundo establece a Lei orgánica de protección de datos persoais, con carácter xeral o prazo máximo para a supresión dos datos persoais será de:**

- a) Vinte e cinco anos
- b) Vinte anos
- c) Vinte anos, salvo que concorran factores como a existencia de investigacións abertas ou delitos que non prescribisen, entre outros.
- d) Ningunha das respostas é correcta

## PREGUNTAS RESERVA

**1. O art. 30 da Lei de emprego público de Galicia establece que o cesamento do persoal eventual producírase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:**

- a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.
- b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento. Neste caso, o cesamento do persoal eventual prodúcese de forma automática co cesamento da devandita autoridade.
- c) Renuncia.
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas.**

**2. Sinale a resposta incorrecta. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta,.....**

- a) por razón de sexo
- b) derivadas da maternidade
- c) **derivadas da relación laboral**
- d) pola asunción de obrigacións familiares

**3. Sinalar a resposta incorrecta. A Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica de Ponteceso establece no seu artigo 1 que o seu obxecto será....**

- a) Establecer os dereitos e deberes que rexen as relacións por medios electrónicos dos cidadáns con esta Administración municipal.
- b) Fixar o marco xeral de actuación para a implantación, impulso e desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito municipal.
- c) **Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coa lexislación básica estatal de Administración Local e da Comunidade Autónoma de Galicia.**
- d) Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coas vixentes normas reguladoras do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**4. Corresponde ao Pleno a competencia de:**

- a) Nomeamento de novo persoal.
- b) Outorgar licenzas
- c) Xestión orzamentaria
- d) **Todas son incorrectas**

5. Terán a consideración de contratos menores de servizos aqueles cuxo valor estimado sexa inferior a:

a) 30.000 €

**b) 15.000 €**

c) 50.000 €

d) 40.000 €